



RESOLUCIÓN DO 11 DE DECEMBRO DE 2020, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE ANUNCIA A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO PROCEDIMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN, DE DIVERSOS POSTOS DE COORDINADOR/A DE DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA

O Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

En desenvolvemento do citado Decreto, ditouse a Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Con base no exposto, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 3 da citada Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE

Convocar, para a súa cobertura polo procedemento de Libre Designación, os postos de Coordinador/a de Servizo de Atención Primaria que se indican no Anexo II, así como aprobar as Bases (Anexo I), as características e funcións do posto convocado (Anexo II), e o modelo de solicitude de participación (Anexo III), que rexerán na presente convocatoria.

As retribucións dos postos ofertados serán as que correspondan segundo a Orde da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da administración autonómica.

No procedemento de provisión das prazas que se convocan resultan de aplicación as normas xerais de procedemento contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, as específicas de provisión de prazas de persoal estatutario contidas na Lei 55/2003, do 16 de





decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos Servizos de Saúde (BOE de 17 de decembro de 2003), no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) polo que se regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e na Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e demais de pertinente aplicación.

Contra a presente Resolución poderá interporse recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DILIXENCIA:

Para facer constar que o día 21 de decembro de 2020 publícase no DOG número 255 o anuncio da presente convocatoria, e procédese a súa publicación na páxina web do Espazo do profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

O Director de Recursos Humanos

Javier Fernández Nistal

A Coruña, 11 de decembro de 2020

O Xerente da Área Sanitaria



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Área Sanitaria da Coruña
e Cee

XERENCIA

Luis Verde Remeseiro





ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O PROCEDEMENTO DE PROVISIÓN DE DIVERSOS POSTOS DE COORDINADOR/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA

Primeira. Obxecto e funcións

A presente convocatoria ten por obxecto a provisión, polo procedemento de libre designación, dos postos de Coordinador/a de Servizo de Atención Primaria que se indican no Anexo II.

As características e funcións dos postos convocados son as que se sinalan no propio Anexo II.

Segunda. Sistema de selección

A selección dos/as aspirantes aos postos convocados levarase a cabo, segundo o disposto no artigo 45 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e artigo 12 da Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, polo procedemento de libre designación.

Terceira. Requisitos dos/as aspirantes

Para seren admitidos no citado procedemento de provisión, os aspirantes deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión os seguintes requisitos:

- a) Ser persoal estatutario fixo diplomado sanitario, en situación de servizo activo en praza adscrita o Servizo obxecto da convocatoria, da categoría e/ou





especialidade que habiliten para acceder as prazas básicas do propio Servizo.

- b) Tres anos de experiencia profesional na categoría e/ou especialidade referida nas Institucións Sanitarias do Sistema Nacional de Saúde

Cuarta. Solicitudes e documentación

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar a solicitude, segundo modelo de instancia que se xunta como Anexo III, que estará a súa disposición na Oficina do Espazo do profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), debendo achegar ademais xunto coa solicitude:

- 1.- Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados.
- 2.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de admisibilidade, establecidos na base terceira da Resolución da convocatoria; acreditación que deberá efectuarse mediante:
 - 2.1.- Certificación de servizos prestados, acreditativa de que ostenta a condición de persoal estatutario fixo da categoría e/ou especialidade que habiliten para acceder as prazas básicas do Servizo, e situación de servizo activo adscrito o Servizo de Atención Primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee ao que opta, así como da experiencia mínima de tres anos na devandita categoría.
- 3.- Méritos: xunto coa solicitude deberá aportarse a documentación compulsada acreditativa dos méritos alegados .

Os/As aspirantes deberán ter debidamente rexistrados os méritos alegados nos sistema informático Fides/expedient-e e acreditados





documentalmente polos profesionais antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Os/As participantes non deberán presentar ningunha documentación acreditativa de méritos que xa consten validados na aplicación informática. Non obstante, a administración poderá requirir en calquera momento a achega de documentación complementaria demostrativa de calquera requisito ou mérito aínda que conste validado.

Valoraranse os méritos causados ata o día inmediatamente anterior ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOG e que sexan acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

Quinta. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación a aportar sinalada na base cuarta, preferentemente no Rexistro da Área Sanitaria da Coruña e Cee, e, así mesmo, poderán presentarse por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Será causa de inadmisión no citado procedemento de provisión a presentación extemporánea da solicitude polo interesado.

Os aspirantes quedan vinculados os datos que fixesen constar na súa solicitude. O domicilio que figure na mesma considerárase como o único válido a efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do candidato tanto os erros na consignación do mesmo como a falla de comunicación de calquera cambio de domicilio.





Sexta.- Admisión de aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano convocante ditará resolución, que se publicará na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional, e na cal se declarará aprobada a lista provisoria de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 5 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivasen a exclusión.

Transcorrido este prazo, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee resolverá as reclamacións presentadas e publicará a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as do proceso.

Sétima. Resolución

A convocatoria, previos os informes que se consideren precisos, será resolta pola Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, ditando a tal efecto a Resolución correspondente, cos nomeamentos, de ser o caso, dos/as aspirantes seleccionados/as, ou ben coa declaración como deserta da convocatoria, se non concorresen aspirantes idóneos para o desempeño dos postos convocados.

A Resolución da convocatoria será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Oitava.-Toma de posesión.

Os/As aspirantes seleccionados/as deberán cesar na praza que desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución no Diario Oficial de Galicia.





A toma de posesión dos postos de traballo adxudicados deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición, destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada dos interesados, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Novena.- Cesamento.

Os/as profesionais nomeados/as poderán ser cesados/as pola Xerencia por causas sobrevidas, derivadas tanto dunha reordenación da estrutura xerárquica da institución como da falta de capacidade para o desempeño do posto.

O cesamento virá precedido dun procedemento que garanta a audiencia ao interesado, sendo informados os representantes do persoal.





Décima.- Normas xerais.

A publicación dos actos e resolucións que se diten na tramitación deste procedemento realizarase na páxina web do Espazo do profesional e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es)





ANEXO II

COORDINADOR/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA DE ARTEIXO

Denominación dos postos: COORDINADOR/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA DOS MALLOS

COORDINADOR/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA DE SAN XOSÉ B

Características:

Os postos convocados dependerán organicamente da Dirección de Enfermaría da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

O desempeño dos postos non ten carácter de dedicación exclusiva, polo que se manteñen as funcións asistenciais propias da praza básica dos/as profesionais adxudicatarios.

Funcións dos postos:

- Coordinar e garantir a programación, execución e avaliación das accións do persoal de Enfermaría do Servizo de Atención Primaria, supervisando e organizando as actividades do devandito persoal, a fin de que redunden nunha mellor consecución dos obxectivos asumidos polo Servizo.
 - Garantir a elaboración dos documentos de carácter avaliativo, organizativo ou de xestión que se estimen necesarios no referente ao persoal de Enfermaría, transmitíndoos ao Xefe de Servizo.
 - Promover o traballo en equipo, así como a participación de todos os seus membros no proceso de toma de decisións, así como dar a acollida e instrucións necesarias ao persoal eventual ou de nova incorporación.
 - Garantir a asunción progresiva de todas as actividades e funcións propias dun Servizo de Atención Primaria, asegurando a atención integral do individuo e a comunidade, a participación comunitaria, a formación e a investigación, así como o estudo e vixilancia dos problemas de saúde prioritarios na zona.
 - Identificar, fundamentar e solicitar as necesidades de recursos humanos e materiais.
-





ANEXO III

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE COORDINADOR/A DE SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA DE _____

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: 21/12/2020

RESOLUCIÓN DO 11/12/2020

DOG nº 255

DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME	DNI
DATA DE NACEMENTO	DOMICILIO
LOCALIDADE	PROVINCIA
TELEFONO	

DATOS PROFESIONAIS:

VINCULO XURÍDICO	DATA NOMEAMENTO CON PRAZA EN PROPIEDAD
CATEGORÍA	SITUACIÓN ADMINISTRATIVA
CENTRO DE DESTINO ACTUAL	

SOLICITO: Ser admitido/a á convocatoria de Coordinación de Servizo de Atención Primaria de _____, para o que se achega a seguinte documentación:

- ☐ Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsados.
- ☐ Copia compulsada do seu nomeamento como persoal estatutario fixo ou certificación acreditativa de tal condición.
- ☐ Certificación acreditativa dos servizos prestados en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na que conste a categoría profesional e as datas de prestación de servizos.
- ☐ Certificación acreditativa de encontrarse en situación de servizo activo na Área Sanitaria da Coruña e Cee.
- ☐ Currículo profesional que incluírá a documentación acreditativa dos méritos alegados.

En _____, a ____ de _____ de 2020

Asinado

